



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA

5 DE AGOSTO DE 2024

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 13.09 horas do día 5 de agosto de 2024, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Don José Luis Ramudo Andión

Dona Marina Ramudo Graña

Don César Valiña Irimia

Dona Sonia Cervantes Rivas

Dona Nicole Grueira Fernández

Dona María Blanca Fernández Martínez

Non asiste con excusa:

Don Enrique Rodríguez Rodríguez

Non asiste sen excusa:

Dona Ana Belén Seco Morado

Secretaria da Corporación:

Dona María Rosa Antuña Carballés

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

1.- Exp. 377/2024. Iniciar o expediente para a contratación da obra de “Mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de Torneiros. Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Polo señor Alcalde- Presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que dí textualmente:

“PROPOSTA DE ALCALDIA

Dada conta da iniciación do expediente para a contratación polo procedemento aberto simplificado, sen división en lotes, da obra de “Mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de Torneiros pertencente ao Concello de Pol” redactado en xaneiro de 2024 por Don Sergio Daniel Orosa





López, Enxeñeiro de Camiños C. e P. Col. Nº: 29512, cun orzamento máximo de licitación que ascende a 121.125,59 euros, máis o IVE por importe de 25.436,37 euros, o que fai un total de 146.561,96 euros.

Considerando que os importes están subvencionados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao amparo do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, a excepción do IVE, e outros gastos tales como a redacción do proxecto, control de calidade, etc, e visto o informe de fiscalización de data 30 de xullo de 2024 de insuficiencia de crédito orzamentario para os gastos que non son subvencionados e resultando imposible a opción de transferencia de outras partidas orzamentarias, procédese á suspensión da tramitación do expediente ata que os reparos sexan liquidados ou se resolvan, sendo o órgano competente para solventar as discrepancias o Pleno.

Vista a necesidade de realizar a obra de referencia, a urxencia do inicio do procedemento, e a insuficiencia de medios, que aconsella acudir á contratación externa, así como a improcedencia da súa división en lotes.

Considerando que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP), establece no seu artigo 159 a posibilidade de tramitar os expedientes de contratación de obras de contía inferior a 2.000.000 € mediante o denominado procedemento aberto simplificado.

Por canto antecede, **PROPOÑO:**

Primeiro.- *Levantar o reparo con efectos suspensivos por insuficiencia de crédito orzamentario, tras as consideracións manifestadas pola Secretaria- Interventora da Corporación no informe de data 30 de xullo de 2024.*

Segundo.- *Aprobar o expediente para a contratación polo procedemento aberto simplificado, sen división en lotes, da obra de “Mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de Torneiros pertencente ao Concello de Pol” redactado en xaneiro de 2024 por Don Sergio Daniel Orosa López, Enxeñeiro de Camiños C. e P. Col. Nº: 29512, cun orzamento máximo de licitación que ascende a 121.125,59 euros, máis o IVE por importe de 25.436,37 euros, o que fai un total de 146.561,96 euros.*

Terceiro.- *Autorizar o gasto que orixina a presente contratación, se aboará con cargo á partida orzamentaria 5550 “pagos pendentes de aplicación”.*

Cuarto.- *Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o Proxecto da obra de “Mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de Torneiros pertencente ao Concello de Pol” redactado en xaneiro de 2024 por Don Sergio Daniel Orosa López, Enxeñeiro de Camiños C. e P. Col. Nº: 29512, e súa licitación por procedemento aberto simplificado.*

Quinto.- *Aprobar a apertura da licitación para a adxudicación mediante a publicación do pertinente anuncio na Plataforma de Contratación do Estado, así como a publicación do presente acordo, da resolución sobre a xustificación da necesidade da contratación e dos pregos e proxecto de execución pola que se rexerá.”*





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

Ponse o asunto a votación e por cinco votos a favor (5 PSOE), e dúas abstencións (1 BNG e 1 PP) acórdase a aprobación do asunto proposto pola Alcaldía.

Considerando que pola parte das concelleiras Dona Nicole Grueira Fernández, do Partido Popular e Dona María Blanca Fernández Martínez, do partido BNG piden explicacións ao Sr Alcalde de como vai a levar a cabo o pagamento da cantidade do gasto do IVE obxecto de levantamento de reparo tras informe de Intervención, solicitan que conste en acta que o Sr Alcalde non quer dar explicacións neste Pleno extraordinario”.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión, sendo as 13.13 minutos do día sinalado ut supra, de todo o cal como Secretaria, dou fe.

